

Bo día de novo!!

En primeiro lugar darvos grazas a tod@s pola vosa participación e tamén por facerme disfrutar de cancións que xa facía moito tempo que, debido á cantidade de música que temos ao noso alcance hoxe en día, non escoitaba.

Vamos co estilo de hoxe:

2. Country

É un xénero popular da música estadounidense que se orixinou na década de 1920. Utiliza instrumentos como guitarras eléctricas, batería, mandolina, harmónica, ...

Ía propoñer a Garth Brooks como artista country, pero debido a que hoxe faleceu Kenny Rogers (de morte natural) quédome con el.

Grupo/Artista: Kenny Rogers

Canción: The gambler

Que me fai sentir: Viaxar en coche.

Link: <https://www.youtube.com/watch?v=7hx4gdIfamo>